



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001162

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria actividades de lecer SADA MÓVESE 2024)

Proposta efectuada pola Concelleira de Deporte, Educación e Xuventude con data 10 de xuño de 2024, pola que solicita aprobación das Bases de participación nas actividades náuticas da programación Sada Móvese 2024

RESOLVO:

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

BASES DE PARTICIPACIÓN ACTIVIDADES NÁUTICAS SADA MÓVESE 2024

Artigo 1º.-Obxeto.

As actividades náuticas roteiros en vela e paddle surf promovidas pola Concellería de Xuventude, encadradas no programa estival de actividades SADA MÓVESE, ten como obxectivo a participación da mocidade sadense en actividades de lecer e tempo libre no medio natural coa finalidade de poder adquirir habilidades persoais e aprendizaxe de novas capacidades.

Artigo 2º.-Destinatarios/as e prazas

Mozos e mozas que cumpriran ou vaian a cumprir os 12 anos ao longo do ano 2024.

Adultos en xeral

Terán preferencia as persoas empadroadas en Sada (a comprobación farase de oficio).

O límite de prazas será:

Paddle surf: 30 prazas/día

Roteiros en vela: 30 prazas/día



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Para que a actividade se realice deberá existir un mínimo de 7 solicitudes por día. No caso contrario, será cancelada esa xornada.

En todo caso, poderase establecer unha listaxe de agarda en caso de que a demanda supere a oferta e non poida ser cuberta.

Artigo 3º.- Temporalización e lugar de realización.

A actividade de roteiros en vela celebrarase os días 17 e 19 de xullo a partir das 10:00 h. e terá unha duración aproximada de 4 horas.

A actividade de paddle surf celebrarase os días 23 e 25 de xullo a partir das 10:00 h. e terá unha duración aproximada de 2 horas.

A organización poderá cancelar algunha das xornadas por mor da predicción meteorolóxica, situación que será notificada con antelación aos participantes. No caso de ter realizado o pago e non se puidese celebrar a actividade, poderán solicitar a devolución do ingreso aos servizos económicos municipais a través do rexistro municipal.

Non será efectuada a devolución se o participante decide non acudir e xa fixo o correspondente pagamento.

Artigo 4º.- Solicitud de praza e adxudicación para participar nas actividades

As persoas interesadas deberán formalizar a inscrición a través das seguintes vías:

Formulario ON-LINE habilitado na web municipal onde haberá que introducir os datos persoais.

As inscricións poderán solicitarse de forma individual ou grupal até un máximo de 4 participantes.

No caso de que un/unha solicitante esté interesado/a en participar máis dun día, bastará con realizar unha soa solicitude no formulario on-line indicando os días de preferencia.

A adxudicación das prazas realizarase segundo a hora e día de entrada no formulario on-line. Unha vez que se esgoten as prazas ofertadas, establecerase unha listaxe de agarda por se quedasen vacantes.

Artigo 5º.- Prazos e cotas



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O prazo de inscrición establécese do 17 ao 30 de xuño (inclusive).

A publicación da listaxe de admitidos e de agarda será publicada na web municipal a partir do 2 de xullo.

Os días que se establecen para realizar o pagamento serán dende o mesmo día da publicación na web e até o día 11 de xullo.

O pagamento debe realizarse na Oficina Virtual Tributaria:

<https://ovtsada.dacoruna.gal/ga/>

Autoliquidar e pagar taxas

- No caso de roteiros en vela

Taxa: Act. Culturais-excursións

Tarifa: roteiros en vela

- No caso de paddle surf

Taxa: Act. Deportivas

Tarifa: paddle surf

Artigo 6º.-Cota:

O prezo de aplicación para os/as participantes será o establecido no prezo público aprobado no BOP nº 115 do 24 de xullo de 2020 e no BOP n.º 110 do 14 de xuño de 2021.

Prezo público

Paddle Surf: 9 € / día (sesión)

Roteiros en vela: 20€ / día (sesión)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Artigo 7º. Protección datos:

Co fin de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), nas actividades recolleranse experiencias e fotografías durante o seu desenvolvemento. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc).

Os datos persoais derivados da inscrición nesta convocatoria serán tratados, en cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR). Poderá exercerse o dereito de acceso, rectificación e cancelación, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Concellería de Deporte, Educación e Xuventude

Concello de Sada

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.